



## INFORMACIÓN NOVOS PERMISOS FAMILIARES (CAMBIOS NO E.T.)

O Consello de Ministros/as aprobou en día 27 de xuño de 2023, unha serie de permisos familiares incluídos no RD 5/2023, que aglutina cuestións diversas (situacións de vulnerabilidade, consecuencias da guerra, volcán da Palma, adaptacións a normativas europeas...) todas elas cun marcado carácter electoralista .

Algúns destes permisos estaban recollidos na Lei de familias que estaba en proceso de tramitación mais ficou interrompida por mor do adiamento electoral ao disolver as Cortes e aproveitan outro marco normativo (*medidas de resposta ás consecuencias da guerra de Ucraína, volcán da Palma,...*) para aprobar medidas descafeinadas perseguindo un efecto positivo nas urnas.

### MODIFICACIÓN DE PERMISOS E DEREITOS DE CONCILIACIÓN EN VIGOR A PARTIR DO 30 DE XUÑO DE 2023

#### PERMISO NON RETRIBUÍDO DE 8 SEMANAS PARA O COIDADADO DE CRIANZAS MENORES DE 8 ANOS (NOVO ARTIGO 48.BIS DO ET)

O texto recolle un novo permiso para o coidado de fillas/os/es ou menores acollidas/os por tempo superior a un ano, que poderá desfrutarse até que teña 8 anos.

Este permiso, de duración non superior a 8 semanas, continuas ou discontinuas, é intransferébel e poderase desfrutar a xornada completa ou a tempo parcial.

Corresponderá á persoa solicitante especificar a data de comezo e fin do disfrute cunha antelación mínima de 10 días agás forza maior.

*Falamos, logo, dunha suspensión de contrato con reserva do posto de traballo que non leva parella unha prestación da seguridade social e, por tanto, é non retribuída. Así mesmo, reduce a idade das crianzas que a xeran a respecto doutros dereitos de conciliación que a establecen en 12 anos.*

#### PARA AS FAMILIAS MONOMARENTAIS OU MONOPARENTAIS, DEREITO DE DESFRUTE DAS AMPLIACIÓNS NOS SUPOSTOS ESPECIAIS (ARTIGO 48 ET)

As familias monomarentais e monoparentais poderán facer uso das ampliacións completas das suspensións (**2 semanas máis** no caso de crianzas con discapacidade, partos múltiples,..) previstas para as familias con dúas persoas.

*Tras a sentenza que tumba a posibilidade de desfrutar os permisos de ambas persoas proxenitoras no caso deste tipo de familias, esta norma limita a equiparación a supostos especiais, perdendo a ocasión de revertir esta inxusta situación que discrimina as crianzas mingando os seus dereitos neste tipo de circunstancias.*

## **PERMISOS RETRIBUÍDOS: (ARTIGO 37.3)**

- **15 DÍAS NATURAIS EN CASO DE REXISTRO DE PARELLA DE FEITO.**
- **5 DÍAS POR ACCIDENTE OU ENFERMIDADE GRAVES, HOSPITALIZACIÓN OU INTERVENCIÓN CIRÚRXICA SEN HOSPITALIZACIÓN QUE PRECISE REPOUSO DOMICILIARIO**

Aumentan 3 días aos actuais recollidos no ET. Como novidade, recolle a posibilidade de que se beneficie deste permiso o persoal que teña que coidar persoas que convivan no mesmo domicilio e tamén as parellas de feito, así como familiares consanguíneos da parella de feito. *Segue sen recoller outras situacións que deberían ser obxecto de especial protección (como é o caso do coidado de familiares de terceiro ou máis grao, que non teñen porque convirir no mesmo fogar, pero precisan de axuda) e retira a ampliación do permiso en dous días no caso de que sexa preciso un desprazamento.*

- **2 DÍAS RETRIBUÍDOS POR FALECEMENTO DE CÓNIXUXE, PARELLA DE FEITO OU PARENTES ATÉ SEGUNDO GRAO.**

Mantén os dous días en caso de falecemento e amplía este dereito a parellas de feito. *Neste caso si que se mantén a ampliación en dous días se é preciso un desprazamento.*

## **DEREITO Á ADAPTACIÓN DA XORNADA POR DEPENDENTES A CARGO (ARTIGO 34.8 DO ET)**

Amplíase o dereito á adaptación da xornada das persoas con dependentes a cargo para aquelas persoas que acrediten deberes de coidado respecto das crianzas maiores de 12 anos, a/o cónxuxe ou parella de feito, familiares por consanguinidade ata o segundo grao da persoa traballadora, así como doutras persoas dependentes cando, estas últimas, convivan no mesmo domicilio, e que non poidan valerse por si mesmas.

A empresa deberá dar unha resposta no prazo máximo de 15 días, tras un proceso de negociación. Presúmese a aceptación da solicitude se neste prazo a empresa non denega a solicitude de xeito motivado.

En caso de negativa da empresa, deberá xustificarse esta oposición ou, no seu caso, unha eventual solución alternativa.

*A condición de que convivan no mesmo domicilio e non poidan valerse por si mesmas, deixa fóra moitas situacións que podían dar orixe ao dereito como unha concreción horaria destinada a coidar dunha persoa maior que precise seguimento da medicación aínda que se vale por si e aínda que resida no seu domicilio, ou familiares de terceiro ou máis grao.*

## **REDUCIÓN DA XORNADA (37.6 DO ET)**

- Inclúen a posibilidade de solicitala para o coidado directo de familiar até o segundo grao de consanguinidade da persoa cónxuxe ou parella de feito, pero debendo acreditar que non existen familiares por consanguinidade directa até o segundo grao.

*Esta acreditación na práctica supón limitar o dereito.*

- Amplíase o dereito á redución de xornada para o coidado de crianzas ou persoas a cargo con discapacidade que sexan menores de 26 anos e que teñan cancro ou outra

enfermidade grave, cando o grao de discapacidade supere o 65%, sempre que esta condición se acredite antes de cumprir os 23 anos.

- Para poder limitar o uso deste dereito polo mesmo suxeito causante a varias persoas traballadoras da mesma empresa, deberán achegarse razóns fundadas e obxectivas e ofrecer un plan alternativo que garanta o disfrute deste dereito por ambas persoas proxenitoras.

*De novo a norma deixa fóra de protección o dereito de acollerse a unha redución para o coidado de persoas maiores desa idade que requiran de coidados e, por riba, co condicionante de ter unha discapacidade recoñecida cunha porcentaxe moi elevada.*

### **LACTACIÓN (37.4 DO ET)**

Para poder limitar o uso deste dereito polo mesmo suxeito causante a varias persoas traballadoras da mesma empresa, esta deberá dar razóns fundadas e obxectivas e ofrecer un plan alternativo que garanta o disfrute deste dereito por ambas as persoas proxenitoras.

### **DEREITO A AUSENTARSE DO TRABALLO POR CAUSA DE FORZA MAIOR ATÉ O EQUIVALENTE EN HORAS A 4 DÍAS DE TRABALLO (ARTIGO 37.9)**

Cando sexa necesario por motivos familiares urxentes e imprevisíbeis, en caso de enfermidade ou accidente que fagan indispensable a súa presenza inmediata. A persoa terá dereito a un permiso retribuído equivalente a 4 días de traballo segundo a xornada da empresa.

*Non se concreta que documentación hai que achegar para xustificar esta causa pero si que deberá estar acreditado o motivo da ausencia.*

### **AMPLIACIÓN DO DEREITO A EXCEDENCIA PARA O COIDADO DE CÓNIXUXE OU PARELLA DE FEITO.**

Como novidade, recolle a posibilidade de que se beneficie deste permiso o persoal que teña que coidar persoas que convivan no mesmo domicilio e tamén as parellas de feito, así como familiares consanguíneos da parella de feito.

Para poder limitar o uso deste dereito polo mesmo suxeito causante a varias persoas traballadoras da mesma empresa, esta deberá dar razóns fundadas e obxectivas e ofrecer un plan alternativo que garanta o disfrute deste dereito po ambas as persoas proxenitoras.

### **DEREITOS DE CONCILIACIÓN E DISCRIMINACIÓN POR RAZÓN DE SEXO.**

A norma recolle que o trato desfavorábel dispensado a mulleres ou homes polo exercicio dos dereitos de conciliación ou corresponsabilidade da vida familiar e laboral será constitutivo de discriminación por razón de sexo, establecendo garantías para que as persoas traballadoras non poidan sufrir prexuízos como consecuencia de facer uso destes novos dereitos de conciliación.

*Galiza, 29 de xuño de 2023.*

**PERMISO DE 8 SEMANAS PARA COIDADADO DE CRIANZAS MENORES DE 8 ANOS**

Eu, \_\_\_\_\_, con documento de identidade nº \_\_\_\_\_, con enderezo a efectos de notificación en \_\_\_\_\_, e teléfono \_\_\_\_\_.

**MANIFESTO:**

**PRIMEIRO:** de conformidade co establecido no artigo 48 bis do E.T, segundo o cal *as persoas traballadoras terán dereito a un **permiso parental para o coidado de filla, fillo** (ou menores acollidas/os por tempo superior a un ano), que poderá desfrutarse **até que teñan 8 anos**, e que **será de duración non superior a 8 semanas**, continuas ou descontinuas, podendo desfrutarse a tempo completo ou en réxime de xornada a tempo parcial, conforme ao establecido regulamentariamente.*

**SEGUNDO:** *que este permiso constitúe un dereito individual das persoas traballadoras, homes ou mulleres, sen que poida transferirse o seu exercicio e corresponderá á persoa traballadora especificar a data de inicio e fin do desfrute ou, no seu caso, dos períodos de desfrute, debendo comunicalo á empresa cunha **antelación de dez días**, agás forza maior”.*

**SOLICITO:**

Desde o vindeiro día \_\_\_ de \_\_\_\_\_ do presente ano, até o día \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_ desfrutar do permiso parental de \_\_\_ semanas para o coidado de crianzas menores de 8 anos.

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_  
Confederación Intersindical Galega

Asinado,

Recibín,

O/a traballador/a

A empresa

**DEPARTAMENTO DE PERSOAL**

## REDUCCIÓN DE XORNADA POR COIDADO

Eu, \_\_\_\_\_, con documento de identidade nº \_\_\_\_\_, con enderezo, a efectos de notificación, en \_\_\_\_\_, e teléfono \_\_\_\_\_.

### MANIFESTO:

**PRIMEIRO:** que tendo en conta o recollido no artigo 37.6 do E.T., poderán solicitar a redución de xornada as **persoas traballadoras para o coidado directo do cónxuxe ou parella de feito, ou un familiar até o segundo grao de consanguinidade e afinidade**, incluído o familiar consanguíneo da parella de feito, que por razóns de idade, accidente ou enfermidade non poida valerse por si mesmo e que non desempeñe actividade retribuída.

**SEGUNDO:** que tendo en conta o recollido no artigo 37.7 do E.T., a **concreción horaria e a determinación do período de goce da redución de xornada corresponderá á persoa traballadora.**

### SOLICITO:

Desde o día \_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_, reducir a miña xornada de traballo \_\_\_\_ horas, concretando a duración e distribución da miña xornada de traballo do seguinte xeito, de \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ horas.

En caso de non recibir resposta a este escrito nun prazo de 15 días, entenderase estimada a petición.

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_\_

Asinado,

Recibín,

O/a traballador/a

A empresa

DEPARTAMENTO DE PERSOAL

## PERMISO POR MATRIMONIO OU UNIÓN DE FEITO

Eu, \_\_\_\_\_, con documento de identidade nº \_\_\_\_\_, con enderezo, a efectos de notificación, en \_\_\_\_\_, e teléfono \_\_\_\_\_.

### MANIFESTO:

Que de conformidade co establecido no artigo 37.3. a) do E.T., o traballador ou a traballadora, previo aviso e xustificación, poderá ausentarse do traballo, con dereito a remuneración, durante **15 días naturais** en caso de **matrimonio ou rexistro como parella de feito**.

### SOLICITO:

Desde o día \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_, até o día \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_ desfrutar dos 15 días de permiso.

En caso de non recibir resposta a este escrito nun prazo de 15 días, entenderase estimada a petición.

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_\_

Asinado,

Recibín,

O/a traballador/a

A empresa

Confederación Intersindical Galega

DEPARTAMENTO DE PERSOAL

**PERMISO POR ACCIDENTE/ENFERMIDADE GRAVE/HOSPITALIZACIÓN OU INTERVENCIÓN CIRÚRXICA SEN HOSPITALIZACIÓN QUE PRECISE REPOUSO DOMICILIARIO**

Eu, \_\_\_\_\_, con documento de identidade nº \_\_\_\_\_, con enderezo, a efectos de notificación, en \_\_\_\_\_, e teléfono \_\_\_\_\_.

**MANIFESTO:**

Que de conformidade co establecido no artigo 37.3 b) do E.T., o traballador ou a traballadora, ten dereito a **“5 días polo accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario da persoa cónxuxe, parella de feito ou parentes até o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, incluíndo o familiar consanguíneo da parella de feito, así como de calquera outra persoa distinta das anteriores que conviva coa persoa traballadora no mesmo domicilio e que requira o coidado efectivo daquela”**.

**SOLICITO:**

Desfrutar desde o \_\_ de \_\_\_\_\_ ao \_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_ dos 5 días de permiso.

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_\_

Asinado,

Recibín,

Confederación Intersindical Galega

O/a traballador/a

A empresa

**DEPARTAMENTO DE PERSOAL**

**PERMISO POR FALECIMENTO DE CÓNXUXE, PARELLA DE FEITO OU PARENTES ATÉ O SEGUNDO GRAO**

Eu, \_\_\_\_\_, con documento de identidade nº \_\_\_\_\_, con enderezo, a efectos de notificación, en \_\_\_\_\_, e teléfono \_\_\_\_\_.

**MANIFESTO:**

Que de conformidade co establecido no artigo 37 b) bis) o persoal terá dereito con carácter retribuído a un permiso de "**dous días** polo falecemento de cónxuxe, parella de feito ou parentes até o segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Cando con tal motivo a persoa traballadora necesite facer un desprazamento ao efecto, o prazo ampliarase en **dous días**".

**SOLICITO:**

Desfrutar desde o \_\_ de \_\_\_\_\_ ao \_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_ de (marcar segundo proceda):

- 2 días de permiso.
- 4 días de permiso

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_\_

Asinado,

Recibín,

O/a traballador/a

A empresa

**DEPARTAMENTO DE PERSOAL**



## PERMISO DE 4 DÍAS PARA AUSENTARSE DO TRABALLO POR CAUSA DE FORZA MAIOR

Eu, \_\_\_\_\_, con documento de identidade nº \_\_\_\_\_, con enderezo, a efectos de notificación, en \_\_\_\_\_, e teléfono \_\_\_\_\_.

### MANIFESTO:

**PRIMEIRO:** que, de conformidade co establecido no artigo 37.9 do E.T., "a persoa traballadora terá dereito a ausentarse do traballo, por causa de forza maior cando sexa necesario por motivos familiares urxentes relacionados con familiares ou persoas convivintes, en caso de enfermidade ou accidente que fagan indispensábel a súa presenza inmediata.

**SEGUNDO:** as persoas traballadoras terán dereito a que sexan retribuídas as horas de ausencia polas causas previstas no presente apartado equivalentes a **catro días ao ano**, conforme ao establecido en convenio colectivo ou, no seu defecto, en acordo entre a empresa e a representación legal das persoas traballadoras, achegando as persoas traballadoras, no seu caso, acreditación do motivo de ausencia".

### SOLICITO:

Ausentarme do meu posto de traballo o día \_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_ , por un total de \_\_\_\_ horas, en concreto desde as \_\_\_\_ até as \_\_\_\_ horas.

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_\_

Asinado,

Recibín,

O/a traballador/a

A empresa

DEPARTAMENTO DE PERSOAL

## SOLICITUDE DE ADAPTACIÓN DA XORNADA POR DEPENDENTES A CARGO

Eu, \_\_\_\_\_, con documento de identidade nº \_\_\_\_\_, con enderezo, a efectos de notificación, en \_\_\_\_\_, e teléfono \_\_\_\_\_.

### MANIFESTO:

Ao abeiro do recollido no artigo 34.8 do E.T. segundo o cal:

*“As persoas traballadoras teñen dereito a solicitar as adaptacións da duración e distribución da xornada de traballo, na ordenación do tempo de traballo e na forma de prestación, incluída a prestación do seu traballo a distancia, para facer efectivo o seu dereito á conciliación da vida persoal, familiar e laboral.*

*No caso de que teñan fillos ou fillas, as persoas traballadoras teñen dereito a efectuar dita solicitude até que os **fillos ou fillas cumbran 12 anos**.*

*Tamén terán este dereito aquelas que teñan necesidades de coidado respecto dos **fillos e fillas maiores de doce anos, o/a cónxuxe ou parella de feito, familiares** por consanguinidade até o segundo grao da persoa traballadora, así como doutras persoas dependentes cando, neste último caso, convivan no mesmo domicilio, e que por razóns de idade, accidente ou enfermidade non poidan valerse por si mesmos, debendo xustificar as circunstancias nas que fundamenta a súa petición.*

*A empresa, ante a solicitude da persoa traballadora, abrirá un proceso de negociación con esta que terá que desenvolverse coa máxima celeridade e, en todo caso, durante un **período máximo de quince días**, presumíndose a súa concesión se non concorre oposición motivada expresa neste prazo. Finalizado o proceso de negociación, **a empresa comunicará por escrito a aceptación da petición**. En caso contrario, fará unha proposta alternativa que posibilite as necesidades de conciliación da persoa traballadora ou ben manifestará a negativa ao seu exercicio. Cando se presente unha proposta alternativa ou se denegue a petición, motivaranse as razóns obxectivas nas que se sustenta a decisión.*

*A persoa traballadora terá dereito a regresar á situación anterior á adaptación unha vez concluído o período acordado ou previsto ou cando decaian as causas que motivaron a solicitude.*

*No resto dos supostos, de concorrer un cambio de circunstancias que así o xustifique, a empresa só poderá denegar o regreso solicitado cando existan razóns obxectivas motivadas para isto.”*

### SOLICITO:

Adaptar a duración e distribución da xornada de traballo para facer efectivo o meu dereito á conciliación da vida persoal, laboral e familiar, de xeito que a xornada sexa distribuída do seguinte xeito: de \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ horas.

En caso de non recibir resposta a este escrito nun prazo de quince días, entenderase estimada a petición.

E para que así conste para os efectos oportunos, asino a presente en data \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

Asinado,  
O/a traballador/a

Recibín,  
A empresa

DEPARTAMENTO DE PERSOAL